

RESOLUCIÓN REITORAL DO 24 DE AGOSTO POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS DE INVESTIGACIÓN DA CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO

A Universidade de Vigo fai pública unha convocatoria de axudas ao financiamento de Proxectos de Investigación realizados por grupos de investigación dos Campuses de Pontevedra e Vigo durante o período comprendido entre a data de resolución de concesión e o 30 de outubro de 2020, co obxectivo de promover e potenciar a investigación no ámbito da cultura e da sociedade dixital en estudos feministas e/ou estudos de xénero.

Ademais, esta convocatoria quere contribuír a reducir o desequilibrio entre homes e mulleres dedicados á investigación no sistema universitario de Galicia, en cumprimento do compromiso de eliminación de discriminacións entre homes e mulleres que recolle o artigo 1 do Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Por iso, as axudas que se regulan nesta convocatoria terán en consideración o peso relativo das mulleres nas propostas presentadas, de xeito que se potencie o seu número e a calidade do seu traballo.

En virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril de 2007 e o artigo 29 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta Universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar Axudas a Investigación dentro da cátedra de Feminismos 4.0, en réxime de concorrencia competitiva, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e na web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 24 de agosto de 2020

O reitor
Manuel Joaquín Reigosa Roger

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE INVESTIGACIÓN DA CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO

1. OBXECTIVOS:

Promocionar e subvencionar a realización de Proxectos de Investigación.

Os proxectos que se presenten poderán versar sobre a investigación de forma xenérica sobre temas e perspectivas epistemolóxicas e metodolóxicas feministas sobre a cultura e a sociedade dixital en torno aos contidos abordados nas titulacións impartidas nos campus de Pontevedra ou Vigo e debe concretarse nos seguintes temas:

- A. Deseño de *apps*, algoritmos, *software*, videoxogos, *chatbots*, *blockchain*, *deeplearning* e *big data* con perspectiva de xénero ou feminista.
- B. Cibersororidade
- C. Analítica dixital. Implicacións éticas da Intelixencia Artificial
- D. O androcentrismo dos algoritmos: a perspectiva de xénero na web.
- E. Os imaxinarios de xénero: o universo simbólico da rede.
- F. Pensar en/para internet con perspectiva de xénero.
- G. O xénero nas redes sociais: o binarismo fronte ao analóxico.
- H. Network feministas. Ciberactivismo feministas.
- I. Violencias de xénero nas redes: sexting, etc.
- J. Arqueoloxía dixital
- K. Agronomía dixital
- L. Arte e deseño dixital: implicacións cognitivas
- M. O xénero nas redes sociais: identidades e xénero
- N. O sexismo das redes: Facebook, Google, YouTube, Instagram, etc.
- O. Hacker ético e feminista
- P. Historia das científicas e programadoras: editaton wikifeminista
- Q. *As Geekgirls*: o feminismo nas redes.

- R. Mulleres nas STEM.
- S. Análise de datos sociais nas redes.
- T. Outras liñas de investigación e innovación

2. REQUISITOS:

Poderán solicitar axudas de investigación as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Grupos de investigación rexistrados na Oficina de I+D que contén cun/ha profesor/a doutor/a a tempo completo como investigador/a principal, con vinculación laboral á Universidade de Vigo durante o período de execución do proxecto de investigación, sendo o seu destino algún dos campus universitarios da Uvigo situados na provincia de Pontevedra.
- Grupos que contén cun/ha investigador/a Doutor/a contratado a tempo completo na Universidade de Vigo como investigador/a principal, con vinculación laboral á Universidade de Vigo durante o período de execución do proxecto de investigación, sendo o seu destino algún dos campus universitarios da Uvigo situados na provincia de Pontevedra.
- Investigadoras e investigadores doutores con adscrición a un grupo de investigación da Uvigo e que acrediten vinculación laboral ca Universidade de Vigo durante o período de execución do proxecto de investigación, sendo o seu destino algún dos campus universitarios da Uvigo situados na provincia de Pontevedra.

3. DOTACIÓN

As axudas que se conceden nesta convocatoria deben de considerarse destinadas a financiar o proxecto de investigación do grupo no período de tempo comprendido entre a data da resolución de concesión e o 30 de outubro de 2020 ao que se denomina período de execución do proxecto de investigación. O importe da subvención librarase nunha única anualidade. O total da subvención destinada a este fin dun máximo de 30.000 Euros. Este financiamento é froito do Convenio de

creación da Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO coa Deputación de Pontevedra con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 202000RS131H647: Proxectos de investigación financiados por outros organismos.

A contía das subvencións determinarase pola Comisión da Cátedra, sendo como máximo de **6.000.€** por cada proxecto de investigacións.

As subvencións concedidas deberanse referir exclusivamente a algúns dos seguintes conceptos:

Material funxible (15% do total).

Outros gastos xustificables: axudas de custo, viaxes, colaboracións externas e outros gastos xustificables en relación aos obxectivos do proxecto de investigación que non contempla a compra de material inventariable (85 % do total).

4. COMPATIBILIDADES

Estas axudas serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes formuladas dirixiranse á **Unidade de Igualdade** da Universidade de Vigo e deberán cubrir os formularios anexos e presentalo debidamente asinado nos rexistros da universidade ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación da solicitude será dende o día seguinte ao de publicación desta convocatoria ata o 04 de setembro de 2020.

A documentación que se debe presentar é a seguinte:

- Solicitude de subvención na forma que establece o formulario normalizado sinalado.
- Memoria do Proxecto de Investigación.
- Curriculum vitae de todos os integrantes do grupo que participen no proxecto, de ser o caso.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que a comisión estime necesaria para a concesión da axuda.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Unidade de Igualdade logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, sinalando os motivos da exclusión.

As persoas interesadas disporán de **tres días hábiles** contados a partir do día seguinte ao de publicación para emendar os erros e a falta de documentación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións nos rexistros da Universidade dirixido á Unidade de Igualdade.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

Os criterios de avaliación son:

- Curriculum Viate da investigador/a principal e do seu equipo con perspectiva de xénero, de ser o caso. (Max. 2 puntos)
- Achega innovadora para a provincia de Pontevedra (Max. 3 puntos)
- Achega de investigación en sociedade dixital con perspectiva e xénero e/ou feminista (Max. 3)
- Adecuación da planificación proposta ao orzamento solicitado (Max. 1 punto)
- Maior presenza numérica de mulleres ou paridade de xénero no equipo (Max. 1 punto)

A comisión de avaliación esta composta por:

-Presidenta: María Belén Rubio Armesto. Vicerreitora de Investigación

-Vogais:

Lucía Muradas Arcay. Xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra.

Águeda Gómez Suárez. Directora da Unidade de Igualdade

Ana Isabel Amoedo Garrido. Traballadora Social adscrita ó Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra.

A comisión poderá convocar con voz pero sen voto a outras persoas expertas que considere conveniente para a adecuada avaliación das solicitudes.

Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Unidade de Igualdade publicará a listaxe provisoria de persoas con axuda concedida, denegada, coa mención da causa da denegación e a listaxe de agarda para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de tres días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación nos rexistros da Universidade, dirixidos a Unidade de Igualdade.

Unha vez revisadas as alegacións pola Comisión a Unidade de Igualdade enviaralle a proposta de Resolución Reitoral definitiva de persoas coa axuda de investigación concedida, denegada coas causas da denegación e a listaxe de agarda ao Reitor para a súa publicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata ser resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto,

segundo o previsto no *artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

7. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

A renuncia á subvención farase por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia, a Unidade de Igualdade ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

8. OBRIGAS:

Son obrigas das persoas beneficiarias:

-Pertencer a algún dos campus situados na provincia de Pontevedra da nosa Universidade durante o período de execución do proxecto de investigación.

-Ser doutor/a o Investigador/a Principal (IP) do proxecto de investigación.

No prazo de un mes contados a partir de rematar o prazo de aplicación da subvención, a/o investigadora/o principal do proxecto, deberá presentar a Unidade de Igualdade un informe final científico-técnico e unha memoria de gastos, segundo o formulario normalizado, no que se recollan todos os resultados da investigación realizada.

9. INCIDENCIAS

O incumprimento dos compromisos adquiridos de acordo cos termos do proxecto presentado e as bases da presente convocatoria, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada poderá dar lugar á suspensión da axuda concedida e á reclamación das cantidades achegadas.

10. SEGUIMIENTO:

A Comisión da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO, poderá utilizar todos os procedementos que considere necesarios para seguir o desenvolvemento do proxecto e o investimento das cantidades achegadas.

11. PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS:

A publicación dos resultados realizarase de mutuo acordo entre os/as autores/as e a Cátedra Feminismos 4.0 , no caso de facelos públicos, deberán facer constar a axuda recibida da Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO como entidade financeira así como o número de referencia do proxecto financiado.

A Cátedra non se fai responsable das opinións dos/as responsables dos proxectos de investigación financiados.

Vigo, 24 de agosto de 2020

O reitor

ANEXO II

ANEXO I- SOLICITUDE DE AXUDAS INVESTIGACIÓN CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0

DENOMINACIÓN DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA FINANCIAMENTO

PERSOA/S RESPONSABLES DO PROXECTO: -----

SEXO : -----

VICULACIÓN COA UNIVERSIDADE DE VIGO:

CATEGORÍA:-----

CENTRO: -----

DEPARTAMENTO: -----

CORREO ELECTRÓNICO: -----

TELÉFONO: -----

BREVE CURRÍCULO DA/S PERSOA/S RESPONSABLE/S DA SOLICITUDE:

(Debe facerse referencia explícita a actividades relacionadas con temas de xénero. Non se admitirán currículos de máis de dúas follas)

, de de 2019

FDO: A PERSOA
RESPONSABLE

ANEXO III- MEMORIA DE SOLICITUDE.

PROXECTOS INVESTIGACIÓN CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0

I. DENOMINACIÓN DO PROXETO PARA O QUE SE SOLICITA A AXUDA

II. DESCRICIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN A DESENVOLVER

Descrición do proxecto de investigación a desenvolver :

Obxectivos :

Metodoloxía:

Impacto da investigación na promoción da igualdade de xénero:

III. FINANCIAMENTO EXTERNO COORDINADO

Dispón doutras axudas:

No caso de que conte con outras axudas:

Institución: _____ Importe: _____

Institución: _____ Importe: _____

Custo total previsto para a realización do programa: _____ Importe: _____

IV. ORZAMENTO PROPOSTO PARA O QUE SE SOLICITA AXUDA

.Material funxible. _____

.Outros gastos xustificadas: axudas de custo, viaxes, colaboracións externas e outros gastos xustificables en relación aos obxectivos do proxecto de investigación. _____

ANEXO IV

ANEXO III- MEMORIA XUSTIFICATIVA .

PROXECTO DE INVESTIGACIÓN CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0

I. DENOMINACIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE SE CONCEDEU A AXUDA

Descrición das proxecto de investigación desenvolvido:

Obxectivos acadados :

Actuacións concretas levadas a cabo:

III. NÚMERO DE INVESTIGADORES/AS PARTICIPANTES

Mulleres: _____ Homes: _____

IV. FINANCIAMENTO EXTERNO COORDINADO

Dispúxose doutras axudas:

No caso de que se contase con outras axudas:

Institución: _____ Importe: _____

Custo total do programa realizado: _____ Importe: _____

V. ORZAMENTO DEFINITIVO IMPUTADO Á AXUDA CONCEDIDA:

.Material funxible. _____

.Outros gastos xustificados: axudas de custo, viaxes, colaboracións externas e outros gastos xustificables en relación aos obxectivos do proxecto de investigación. _____

TOTAL:

ANEXO V

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo,

coa finalidade de resolver a convocatoria de Investigación da Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO e amparados pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Cátedra de Feminismos 4.0.

Universidade de Vigo**Unidade de Igualdade** Edificio Ernestina Otero Tel: 986 813 419
Campus de Vigo igualdade@uvigo.es
36310 Vigo
España

Mediante o cumprimento do formulario de recollida de datos persoais, vostede consente expresamente o citado tratamento aos efectos de cumprir coa descrita finalidade do mesmo e terá o dereito a retirar o devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

Vostede está obrigado a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non facelo, as consecuencias serán desestimación da súa solicitude.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos do responsable cuxa identidade e datos de contacto son Pintos & Salgado Abogados S.C.P., Avda. de Arteixo, 10 - 1º Esq., 15004 de a Coruña (España), teléfono: 981227076, enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).